ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 26 DE XANEIRO DE 2023

No Salón de sesións da Casa do Concello, a 26 de xaneiro de 2023, sendo as 20:00 horas, ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa Dª. Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
D.ª Patricia María Vázquez Figueroa (voceira)
D.ª María Begoña Calviño Dorado
D. Santiago Franco Blanco
D. José Ramón Lorenzo Carou

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D.ª Alicia María Souto Ramos (voceira)
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

Grupo Mixto
D. David Carro Temprano (BNG)

Non asisten os Sres./as concelleiros/as D. Juan Francisco Sánchez López do grupo municipal Socialista, D. Francisco Manuel Fafián Torreiro e D.ª María Arca Nieto do grupo municipal do Partido Popular e D. Eloy Babío Veiga do grupo municipal de Alternativa dos Veciños.

Foron asistidos pola interventora municipal, Dª. Laura Gutiérrez Ortiz e pola secretaria xeral, Dª. Ana María Cacharrón Castelos.

Aberta a sesión, os/as asistentes pasaron a estudar os asuntos incluídos na **orde do día:**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.
2. RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE Á FUNCIONARIA MUNICIPAL DONA MARÍA PARDO FAFIÁN PARA O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE FUNCIONARIA MUNICIPAL CO DE CONCELLEIRA EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.
3. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE MEDIDAS PARA O CONTROL DA POBOACIÓN DE XABARÍNS.
4. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE O TÚNEL DE SAN PAIO.
5. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE ATENCIÓN A CIDADANÍA NOS ORGANISMOS PÚBLICOS.
6. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE A INICIATIVA "GUÍSAMO TEN FUTURO".
7. MOCIÓN DO GRUP O MIXTO SOBRE DOTACIÓN DE FONDOS DA XUNTA DE GALICIA PARA PRODUCIÓN ECOLÓXICA.
8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.
9. MOCIÓNS URXENTES.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes as sesións ordinaria do 24 de novembro e extraordinaria do 12 de decembro de 2022, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. Alcaldesa pregúntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular á ditas actas.

Non formulándose observacións, postas a aprobación das actas da sesións ordinaria do 24 de novembro de 2022 e extraordinaria do 12 de decembro de 2022, por unanimidade de votos a favor (nove), apróbanse as referidas actas.

2. RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE Á FUNCIONARIA MUNICIPAL DONA MARÍA PARDO FAFIÁN PARA O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE FUNCIONARIA MUNICIPAL CO DE CONCELLEIRA EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

EXPEDIENTE_2023/E005/000002

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2023, coa emenda engadida pola alcaldía, que transcrita literalmente di:

"Logo de ver que, por Resolución da alcaldía núm. 1341/2022, do 24 de novembro, resolveuse: "Segundo. En aras ao principio de economía procedimental, interpretando que a recorrente reitera a súa solicitude, agora xa correcta, de pase á situación de servizos especiais e documenta o cambio de situación invocado, en aplicación do disposto no artigo 6.1 do Real decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Reglamento de Situaciones Administrativas de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado, verificado o suposto que a ocasiona coa certificación de secretaría achegada, procede declarar o pase da recorrente á situación de servizos especiais, con efectos dende o momento no que se produxo, que é o 18 de novembro de 2022, procedendo a dar traslado do acordo á interesada e aos servizos económicos municipais para a súa baixa na Seguridade Social e en nómina, con efectos da data indicada…."

Logo de ver o escrito de dona María Pardo Fafián de data 20.12.2022, e con número de rexistro de entrada 202299900004191 no que se indica, entre outros, que:

"… Que o pasado día 18 de novembro solicitei o pase a Servizos Especiais por mor da aceptación do cargo de Concelleira delegada en réxime de dedicación exclusiva no Concello de Sada.
Que o pasado día 24 de novembro se me notificou a resolución de alcaldía núm. 1341/2022 na que se declara o pase a Servizos Especiais con efectos dende o 18 de novembro.
Que o vindeiro día 29 de decembro o meu réxime de adicación mudará.
Que pretendo reincorporarme ao servizo activo con data 30 de decembro de 2022.(…)
Por todo o anterior, SOLICITO:
Se teña por presentado este escrito e se realicen os trámites precisos para que se faga efectiva a miña reincorporación ao servizo activo o vindeiro 30 de decembro a tódolos efectos.(...)"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Posteriormente, con data 30 de decembro de 2022, con núm. de rexistro de entrada 202299900004289, completa a súa solicitude anterior, indicando que: "… O pasado día 20 de decembro en escrito rexistrado de entrada co número 202299900004191 solicitei a miña reincorporación ao posto que desempeño no Concello de Bergondo como funcionaria de carreira no departamento de Rexistro dende o día de hoxe. Días máis tarde recibín un correo electrónico da Alcaldesa no que se indicaba que debería achegar o acordo plenario do Concello de Sada que respondín dicindo que o Pleno se celebraría o día 29 e achegaría o certificado do acordo no momento en que o tivese á miña disposición. Achego os certificados requiridos...", achegando certificacións do Pleno do Concello de Sada, no que se recolle o acordo plenario de modificación do réxime de dedicación exclusiva a dedicación parcial, da Concellaría delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá e por outra banda, o acordo de autorización de compatibilidade á solicitante do exercicio dese cargo en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas do seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo.

*Logo de ver que por Resolución núm. 2/2023, do 02 de xaneiro de 2023, resolveuse: "**PRIMEIRO.-** Decretar o reingreso ao servizo activo da funcionaria municipal do Concello de Bergondo, María Pardo Fafián, con DNI 32828010H, con efectos do 30 de decembro de 2022, ao posto de Oficial administrativo auxiliar da Unidade de Rexistro, Arquivo e Atención ao público do Concello de Bergondo, que ven desenvolvendo nesta Corporación.*

***SEGUNDO**. Coa mesma data de efectos, dar de alta á mencionada funcionaria na Seguridade Social e proceder ao abono de retribucións correspondentes.*

***TERCEIRO.** Elevar ao Pleno do concello na vindeira sesión que celebre, a declaración sobre compatibilidade que corresponda, consonte coa regulación contida na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.*

***CUARTO.** Dar traslado do presente acordo aos servizos administrativos económicos e de persoal e á interesada para os efectos oportunos, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como lugar e prazo para interpoñelos"*

Logo de ver a solicitude de compatibilidade efectuada pola funcionaria mediante escrito con núm. de rexistro de entrada 202399900000166.

*Considerando a nova situación da funcionaria pública municipal María Pardo Fafián, e en canto á dedicación parcial, que tanto o art. 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ambos na redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, permiten compatibilizar o desempeño do cargo electivo co que teñan como funcionario, sempre que o cargo electivo se realice fora da xornada normal no posto principal (funcionaria) e sen que poida impedir o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia; ao estar diante do desempeño de dous cargos no sector público, é dicir, comprendidas nas actividades públicas a que se refire o Capítulo II da Lei 53/1984, (arts. 3 a 10) é de aplicación o artigo 3.1, que no seu segundo parágrafo establece que para o desempeño dunha segunda actividade <<...Para o exercicio da segunda actividade será indispensable a **previa e expresa autorización de compatibilidade,** que non suporá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos...>>; polo que o exercicio do citado cargo, non poderá, en*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ningún caso, afectar á xornada ordinaria de traballo no Concello de Bergondo da solicitante, condicionada, en todo caso, ao estrito cumprimento da devandita xornada.

Considerando que a xornada ordinaria de traballo presencial (non así a xornada de mañá dos xoves e venres e tarde dos luns, en traballo a distancia) que viña realizando antes do seu pase á situación de servizos especiais a funcionaria peticionaria non se adaptaba á Regulación contida no Acordo regulador das condicións de traballo dos persoal funcionario do Concello de Bergondo (BOP núm. 211 do 05.11.20210) e o acordo interpretativo recollido na acta da Mesa xeral de negociación do 13 de maio de 2016, recollido no Anexo I, horario de inverno do persoal administrativo, permitido por esta alcaldía ao entender erroneamente, que lle resultaba de aplicación a flexibilidade horaria contida no artigo 52.6 do citado acordo regulador, cando non lle correspondía; polo que deberá desempeñalo de luns a mércores de 9:00 a 15:00 horas, e a xornada de tarde do luns, en horario de 15:15 a 19:15 horas.

A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, corresponde ao Pleno da Corporación.

Acreditada perante este concello a súa condición de concelleira do Concello de Sada e contido nos acordos achegados mediante escrito do 30.12.2022, o horario que desempeñará na súa condición de cargo electo con réxime de adicación parcial, de martes a venres de 15:00 a 22:00 e sábados de 15:00 a 21:00 horas, así como as súas retribucións no devandito concello, que serán de 25.200 euros anuais, que se farán efectivos en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

Considerando que o citado acordo corresponde adoptalo ao Pleno do Concello, segundo se indica no artigo 9 da Lei 53/1984, e artigo 50.9 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previa comunicación por parte do Concello de Sada dos datos referidos no artigo 5.2 da devandita Lei.

*En relación á excepción regulada no artigo 5.1.b) da Lei 53/1984, o artigo 5.2 establece: "**2.** En los supuestos comprendidos en este artículo sólo podrá percibirse la retribución correspondiente a una de las dos actividades, sin perjuicio de las dietas, indemnizaciones o asistencias que correspondan por la otra. No obstante, en los supuestos de miembros de las Corporaciones locales en la situación de dedicación parcial a que hace referencia el artículo 75.2 da la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se podrán percibir retribuciones por tal dedicación, **siempre que la desempeñen fuera de su jornada de trabajo en la Administración, y sin superar en ningún caso los límites que con carácter general se establezcan, en su caso**. **La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas**."*

Logo de ver o escrito presentado por Xosé Fernando Fariña Andrade, voceiro do grupo municipal de Sadamaioría no Concello de Sada, con núm. rexistro de entrada 202399900000245 do 26.01.2023, polo que achega o informe (JPB020/2023) emitido no día de hoxe polos servizos de Intervención referido á adecuación legal da proposta de acordo de compatibilidade e novo réxime de dedicación e retributivo da concelleira dona María Pardo Fafián ao artigo 7º da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, para súa toma en consideración no punto a debater sobre a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

compatibilidade da citada concelleira no pleno ordinario a celebrar no día de hoxe polo Concello de Bergondo; a alcaldía-presidencia remitiu escrito ao Concello de Sada, no día de hoxe, con núm. de rexistro de saída 202390000000067, informándolles dos aspectos requiridos no artigo 5.2 da Lei 53/1984, horario e retribucións, e para os efectos da aplicación dos límites referidos no artigo 7 da citada Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Polo tanto, o desempeño de tal dedicación será fora da xornada de traballo neste concello, dentro da sinalada como xornada de traballo no concello de Sada (publicada no BOP núm. 19 do 27.01.2017), como indica o artigo 5.1.b) da Lei 53/1984. Ao non poder afectar á xornada normal de traballo neste concello, só se considerarán xustificadas as ausencias polo tempo imprescindible ás asistencias ás sesións dos órganos colexiados necesarios dos que forme parte como concelleira do Concello de Sada, para o que deberá xustificar, mediante certificación da Secretaría do concello, a convocatoria da sesión, a asistencia á mesma, e a hora de comenzo e de remate das devanditas sesións. De producirse algún cambio deberá comunicalo de inmediato, incorrendo en responsabilidade de non facelo así.

Polo tanto, vista a lexislación aplicable, ***proponse ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:***

Primeiro. *Recoñecer a dona María Pardo Fafián, funcionaria do Concello de Bergondo, a compatibilidade para o desempeño do cargo de concelleira en réxime de dedicación parcial do Concello de Sada, con expresa advertencia de que para o exercicio do citado cargo, deberá desempeñar tal dedicación fora da xornada de traballo no Concello de Bergondo posto principal da solicitante, que será en xornada presencial de luns a mércores de 9:00 a 15:00 horas; e en xornada de traballo a distancia, xoves e venres de 8:30 a 15:00 horas, e a tarde dos luns, de 15:15 a 19:15 horas, cumprindo o disposto no Acordo regulador das condicións de traballo dos persoal funcionario do Concello de Bergondo (BOP núm. 211 do 05.11.2010) e o acordo interpretativo recollido na acta da Mesa xeral de negociación do 13 de maio de 2016.*

Segundo: *O salario bruto anual previsto da funcionaria municipal ascende a 23.671,14 euros, en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.*

Terceiro*. Dito recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades no Concello de Sada se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo, fora da xornada normal do seu posto principal e sen que poida impedir o estrito cumprimento dos seus deberes como funcionaria pública municipal.*

A estes efectos só se considerarán xustificadas as ausencias polo tempo imprescindible ás asistencias ás sesións dos órganos colexiados necesarios dos que forme parte como concelleira do Concello de Sada, para o que deberá xustificar, mediante certificación da Secretaría do concello, a convocatoria da sesión, a súa asistencia e a hora de comenzo e de remate das devanditas sesións.

Cuarto. *Dar traslado do presente acordo ao Concello de Sada, para os efectos previstos previstos no artigo 5.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e á funcionaria municipal.*

Quinto. *Proceder á súa publicación nos termos requiridos na lexislación de transparencia.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Bergondo, 26 xaneiro de 2023

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

A Sra. Alcaldesa manifesta que, tal e como se comentou na Comisión Informativa, probablemente ningún dos grupos representados no Pleno quixera votar a favor da proposta que se presenta, toda vez que os correspondentes partidos xa teñen manifestado a súa posición clara e rotunda de rexeitamento do sucedido no Concello de Sada. Non obstante, sinala que se ve na obriga de traer este asunto a fin de dar cumprimento aos dereitos dunha traballadora municipal, se ben se pode considerar que unha dedicación parcial dun 95% é unha burla, ou que traballar de tres a dez é bastante estraño, pero iso é algo que, en todo caso, compete ao Concello de Sada.

Por outra banda, sinala que no escrito recibido no Concello provinte de Sadamaioría, relativo a un informe da intervención do Concello de Sada, queda patente que foi o Concello de Sada o que adoptou un acordo antes de tempo, sen dispor da información suficiente, e baixo o seu punto de vista ilegal, toda vez que teñen adoptado un acordo sin ter solicitado previamente a información sobre o salario que lle corresponde a interesada polo seu traballo no Concello de Bergondo. Así mesmo, sinala que, coa adopción do presente acordo, efectúase a comunicación da citada información a fin de que o Concello de Sada adopte os acordos ou realice as rectificacións que estime oportunas.

Así pois, a pesar de estar totalmente en contra do transfuguismo, entende que o presente acordo debe ser adoptado, xa que a traballadora municipal en cuestión ten dereito a exercer un cargo político, sendo, no seu caso, o Concello de Sada o que terá que adoptar as medidas oportunas para a defensa dos seus intereses.

A Sra. Souto Ramos manifesta que, tal e como sinalou na Comisión Informativa, o Concello de Sada terá que loitar polos seus intereses e o Concello de Bergondo polos seus.

O Sr. Carro Temprano manifesta que, dado que a situación está mudando cada día, solicita que o asunto quede sobre a mesa ata que se aclare totalmente.

A Sra. Alcaldesa sinala que ela mesma expuxo esa posibilidade aos servizos xurídicos do Concello, non obstante, a adopción do acordo é unha cuestión de responsabilidade política, toda vez que o Concello de Bergondo non pode entrar a valorar cuestións que non son da súa competencia.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que o seu voto será desfavorable, xa que tal e como se desprende dos horarios que se describen na proposta, a traballadora vai a realizar as súas funcións no Concello de Bergondo en horario de 9:00 a 15:00, sendo tamén as 15:00 horas a hora de inicio da súa xornada no Concello de Sada, entendendo, por tanto, que se vai a "teletransportar" dun lugar a outro, comendo durante ese teletransporte, e que traballará ata as 10 da noite e tamén os sábados, sendo por tanto o que se considera coma unha "superwoman".

Así mesmo, sinala que, ao marxe do anterior, tamén se establece na proposta que a interesada traballará no Concello de Bergondo de luns a mércores en modalidade presencial e de xoves a venres en modalidade de traballo a distancia, de xeito que ese punto da proposta, por si solo, impídelle estar de acordo co proposto, dado o seu rexeitamento ao mantemento do traballo a distancia trala crise sanitaria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Sra. Alcaldesa manifesta que, as veces, é fácil votar en contra dun asunto cando se sabe que a votación vai a saír favorable ao mesmo, de xeito que non vai a implicar un procedemento contencioso contra o Concello.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame emendado a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total sete (7) votos a favor e dous (2) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

3. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE MEDIDAS PARA O CONTROL DA POBOACIÓN DE XABARÍNS.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2023, que transcrita literalmente di:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Medidas para o control da poboación de xabaríns

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sabido é que existe un crecemento sostido e case exponencial do número de xabarins en toda Galicia. As consecuencias dese crecemento desmedido estanse manifestando en múltiples aspectos, amén de xerar un sinfín de danos e riscos. Sirva para explicar a situacion -e a modo de exemplo- a queixa recibida no departamento de Medio Ambiente deste concello hai uns días, remitida por un grupo de veciños e veciñas de Moruxo:

Los vecinos y vecinas de Moruxo, Concello de Bergondo queremos denunciar una situación que nos preocupa, nos asusta, y afecta a los bienes materiales y propiedades, pudiendo afectar a nuestra integridad física.

En el último año y especialmente desde Septiembre de 2022 diferentes manadas de jabalís en tamaño y costumbres merodean por la zona buscando comida. En sus traslados cruzan las pistas del área de influencia de Bergondo y la AC164 a su paso por este ayuntamiento provocando accidentes de distinta gravedad que, de momento, no han acabado con víctimas mortales. El Centro de Promoción de la Autonomía Personal de Bergondo, al pie de la playa de Fiobre, noche sí, noche no, es literalmente invadido en sus exteriores por diferentes piaras que provocan peligro de colisión en la pista de acceso al centro desde la AC164, miedo en los trabajadores y trabajadoras que salen del mismo a recoger sus vehículos, y en las personas con diversidad funcional que residen en él y que pasean, o más bien paseaban en sus exteriores.

Son numerosos los casos de propietarios de Moruxo cuyas fincas han sido allanadas por estos mamíferos y literalmente destrozadas, causando daños estéticos y materiales considerables que han implicado inversiones en nuevos cierres para las fincas.

Por otra parte, el arenal de la Playa de Regueiro y las pistas que llevan a él conectándolo con la playa de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Gandarío, lugares cada vez más frecuentados por caminantes, turistas y vecinos, se han convertido, cuando cae el sol, en auténticas cañadas de paso por estas piaras, lo que convierte el transitar por ellas como mínimo en una aventura.

El ayuntamiento responde a nuestras quejas y peticiones de un control de estas manadas y reducción en su caso, con que no es asunto suyo sino de la Xunta de Galicia. Es por esto por lo que nos ponemos en contacto con ustedes, para que sea cual fuere la administración competente del control de especies cinegéticas, se pongan en marcha los mecanismos de control poblaciones eficaces.

Como se ve en la siguiente figura el concello de Bergondo se encuentra en el área con densidad de población media alta. En la parroquia de Moruxo en un área de 2 km2, se observan piaras de más de 25 individuos de diferentes cohortes de edad.

No existe a día de hoy ningún factor que limite el crecimiento poblacional de esta especie, muy al contrario se dan todos los factores para favorecer el crecimiento poblacional exponencial. Se trata de una zona rural con una distribución urbana dispersa propia de Galicia que impide la actividad cinegética. Este paisaje de mosaico con praderas, cultivos, viviendas y masas de cultivos forestales se ha convertido en un espacio idóneo para la cría de estos sudos. Por otro lado al encontrarse esta parroquia lindando con la Ría de Ares-Betanzos, dota a esta especie de un aporte de recursos alimenticios constante, lo que sumado a restos de basuras e incursiones en fincas y cultivos hace que los recursos no sean un factor limitante para la especie en esta zona.

Solicitamos que en ausencia de actividad cinegética recreativa, se ponga en marcha un control poblacional profesional eficaz.



Fuente: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Docu ctrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

É evidente que este alarmante exemplo non é máis que un de tantos posibles. Relatos similares poden escoitarse en diversas zonas de Bergondo e practicamente na totalidade do resto de Galicia. Volvendo ao inicio; os danos son abundantísimos en propiedades (tanto públicas como privadas) e os riscos potenciais ou reais para as persoas, en forma de accidentes de tráfico, están adquirindo proporcións desmedidas. Vexamos algunha información ao respecto:

- Conforme ao aportado por Protección Civil de Bergondo, a porcentaxe de accidentes de tráfico causados pola presenza de xabaríns nas estradas ou camiños incrementouse nun 105% tan só no último ano.

- Información publicada no "Faro de Vigo" o pasado día 8 deste mesmo mes de xaneiro:

www.farodevigo.es

Estado en el que quedó un vehículo tras atropellar a un jabalí en Catoira. |

Los jabalíes causan 10 accidentes de tráfico al día, el 27% de todos los siniestros viarios

Galicia, la segunda comunidad con más atropellos de animales, bate su récord de este tipo de incidentes en carretera: casi 5.500 en 2022 | Son ya casi el doble que hace una década

Xa que logo non cabe en modo algún minimizar ou relativizar o problema. Está aí e vai a máis. Non obstante, cales son os instrumentos ou politicas que a administración competente na materia e competente tamén en todo o territorio galego -Xunta de Galicia- está desenvolvendo na actualidade para tentar combater a praga? Existen medidas contundentes, alén de autorizar batidas de caza, alí onde esas son posibles? Existe algún estudo serio, rigoroso e científico por parte da administración autónómica encamiñado a buscar solucións eficaces de choque?… Moito nos tememos que a resposta é, NON, para todas as preguntas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Polo tanto, a a teor de todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación local a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro: *Trasladar á Xunta de Galicia a notable preocupación da veciñanza de Bergondo e do pleno da corporación municipal bergondesa polo cariz que está adquirindo o problema derivado da proliferación descontrolada de xabaríns no noso termo municipal e no conxunto de Galicia.*

Segundo: *Instar á Xunta de Galicia á adopción de medidas de choque contundentes e profesionais, avaladas por expertos e conforme a estudos científicos serios e rigorosos, conducentes a reducir a poboación de xabaríns no territorio bergondés e no conxunto de Galicia. Isto sen menoscabo da adopción, por parte do ente autonómico, doutras politicas diferentes ás actuais. Políticas agrarias, forestais ou de ordenación do territorio. Cuestións estas que están na raíz deste e doutros problemas análogos.*

En Bergondo, a 10 de xaneiro de 2023
Asdo: Juan A. Fariña Pedreira
Voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños"

A sra. Alcaldesa, a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, propón introducir no citado texto unha emenda relativa á engadir na parte expositiva da moción o seguinte parágrafo:

"A alcaldesa de Bergondo é unha das representantes da FEGAMP, na comisión autonómica de tráfico e seguridade vial, na que nos últimos anos se da conta do incremento de accidentes causados polos animais, en especial os xabaríns, e na que os/a alcaldes/a teñen manifestado a problemática que causa aos concellos (polos accidentes, e pola retirada dos animais).

Na comisión se ten trasladado por parte dos representantes da Xunta que se levan adoptado medidas para tentar diminuír este tipo de accidentes."

Así mesmo, propón introducir no citado texto unha emenda relativa á parte dispositiva da moción, de xeito que a mesma quedaría redactada da seguinte forma:

"Primeiro: *Trasladar á Xunta de Galicia a notable preocupación da veciñanza de Bergondo e do pleno da corporación municipal bergondesa polo cariz que está adquirindo o problema derivado da proliferación descontrolada de xabaríns no noso termo municipal e no conxunto de Galicia.*

Segundo: *Solicitar á Xunta de Galicia información sobre as medidas que se están adoptando por parte das consellerías de Infraestruturas e Mobilidade, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e da consellería de Medio Rural, así como da eficacia ou non das mesmas, e a súa evolución."*

Así pois, a moción coa emenda proposta pola alcaldía, quedaría redactada como segue:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Medidas para o control da poboación de xabaríns

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sabido é que existe un crecemento sostido e case exponencial do número de xabarins en toda Galicia. As consecuencias dese crecemento desmedido estanse manifestando en múltiples aspectos, amén de xerar un sinfín de danos e riscos. Sirva para explicar a situacion -e a modo de exemplo- a queixa recibida no departamento de Medio Ambiente deste concello hai uns días, remitida por un grupo de veciños e veciñas de Moruxo:

Los vecinos y vecinas de Moruxo, Concello de Bergondo queremos denunciar una situación que nos preocupa, nos asusta, y afecta a los bienes materiales y propiedades, pudiendo afectar a nuestra integridad física.

En el último año y especialmente desde Septiembre de 2022 diferentes manadas de jabalís en tamaño y costumbres merodean por la zona buscando comida. En sus traslados cruzan las pistas del área de influencia de Bergondo y la AC164 a su paso por este ayuntamiento provocando accidentes de distinta gravedad que, de momento, no han acabado con víctimas mortales. El Centro de Promoción de la Autonomía Personal de Bergondo, al pie de la playa de Fiobre, noche sí, noche no, es literalmente invadido en sus exteriores por diferentes piaras que provocan peligro de colisión en la pista de acceso al centro desde la AC164, miedo en los trabajadores y trabajadoras que salen del mismo a recoger sus vehículos, y en las personas con diversidad funcional que residen en él y que pasean, o más bien paseaban en sus exteriores.

Son numerosos los casos de propietarios de Moruxo cuyas fincas han sido allanadas por estos mamíferos y literalmente destrozadas, causando daños estéticos y materiales considerables que han implicado inversiones en nuevos cierres para las fincas.

Por otra parte, el arenal de la Playa de Regueiro y las pistas que llevan a él conectándolo con la playa de Gandarío, lugares cada vez más frecuentados por caminantes, turistas y vecinos, se han convertido, cuando cae el sol, en auténticas cañadas de paso por estas piaras, lo que convierte el transitar por ellas como mínimo en una aventura.

El ayuntamiento responde a nuestras quejas y peticiones de un control de estas manadas y reducción en su caso, con que no es asunto suyo sino de la Xunta de Galicia. Es por esto por lo que nos ponemos en contacto con ustedes, para que sea cual fuere la administración competente del control de especies cinegéticas, se pongan en marcha los mecanismos de control poblaciones eficaces.

Como se ve en la siguiente figura el concello de Bergondo se encuentra en el área con densidad de población media alta. En la parroquia de Moruxo en un área de 2 km2, se observan piaras de más de 25 individuos de diferentes cohortes de edad.

No existe a día de hoy ningún factor que limite el crecimiento poblacional de esta especie, muy al contrario se dan todos los factores para favorecer el crecimiento poblacional exponencial. Se trata de una zona rural con una distribución urbana dispersa propia de Galicia que impide la actividad cinegética. Este paisaje de mosaico con praderas, cultivos, viviendas y masas de cultivos forestales se ha convertido en un espacio idóneo para la cría de estos sudos. Por otro lado al encontrarse esta parroquia lindando con la Ría de Ares-Betanzos, dota a esta especie de un aporte de recursos alimenticios constante, lo que sumado a restos de basuras e incursiones

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

en fincas y cultivos hace que los recursos no sean un factor limitante para la especie en esta zona.

Solicitamos que en ausencia de actividad cinegética recreativa, se ponga en marcha un control poblacional profesional eficaz.



É evidente que este alarmante exemplo non é máis que un de tantos posibles. Relatos similares poden escoitarse en diversas zonas de Bergondo e practicamente na totalidade do resto de Galicia. Volvendo ao inicio; os danos son abundantísimos en propiedades (tanto públicas como privadas) e os riscos potenciais ou reais para as persoas, en forma de accidentes de tráfico, están adquirindo proporcións desmedidas. Vexamos algunha información ao respecto:

- Conforme ao aportado por Protección Civil de Bergondo, a porcentaxe de accidentes de tráfico causados pola presenza de xabaríns nas estradas ou camiños incrementouse nun 105% tan só no último ano.

- Información publicada no "Faro de Vigo" o pasado día 8 deste mesmo mes de xaneiro:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

www.farodevigo.es

Estado en el que quedó un vehículo tras atropellar a un jabalí en Catoira. |

Los jabalíes causan 10 accidentes de tráfico al día, el 27% de todos los siniestros viarios

Galicia, la segunda comunidad con más atropellos de animales, bate su récord de este tipo de incidentes en carretera: casi 5.500 en 2022 | Son ya casi el doble que hace una década

Xa que logo non cabe en modo algún minimizar ou relativizar o problema. Está aí e vai a máis. Non obstante, cales son os instrumentos ou politicas que a administración competente na materia e competente tamén en todo o territorio galego -Xunta de Galicia- está desenvolvendo na actualidade para tentar combater a praga? Existen medidas contundentes, alén de autorizar batidas de caza, alí onde esas son posibles? Existe algún estudo serio, rigoroso e científico por parte da administración autónómica encamiñado a buscar solucións eficaces de choque?… Moito nos tememos que a resposta é, NON, para todas as preguntas.

A alcaldesa de Bergondo é unha das representantes da FEGAMP, na comisión autonómica de tráfico e seguridade vial, na que nos últimos anos se da conta do incremento de accidentes causados polos animais, en especial os xabaríns, e na que os/a alcaldes/a teñen manifestado a problemática que causa aos concellos (polos accidentes, e pola retirada dos animais).

Na comisión se ten trasladado por parte dos representantes da Xunta que se levan adoptado medidas para tentar disminuir este tipo de accidentes.

Polo tanto, a a teor de todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación local a adopción dos seguintes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ACORDOS:

Primeiro: *Trasladar á Xunta de Galicia a notable preocupación da veciñanza de Bergondo e do pleno da corporación municipal bergondesa polo cariz que está adquirindo o problema derivado da proliferación descontrolada de xabaríns no noso termo municipal e no conxunto de Galicia.*

Segundo: *Solicitar á Xunta de Galicia información sobre as medidas que se están adoptando por parte das consellerías de Infraestruturas e Mobilidade, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e da consellería de Medio Rural, así como da eficacia ou non das mesmas, e a súa evolución."*

A Sra. Souto Ramos entende que, dende o Concello, poderíanse adoptar máis medidas para solucionar a problemática plasmada na moción, sobre todo con respecto a limpeza de fincas.

O Sr. Carro Temprano sinala que, sen entrar en fonduras de porqué os xabaríns se achegan as zonas máis urbanas, ou de cales son as mellores formas de controlar a praga existente, o certo é que é público e notorio que o tema dos xabaríns se ten convertido nun problema de seguridade a todos os niveis. Por tanto, ao igual que o seu grupo parlamentario ten presentado propostas no parlamento relativas ao presenta asunto, o seu voto será favorable.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que vai a votar a favor da moción orixinaria.

A Sra. Alcaldesa manifesta que ten constancia que dende a Xunta de Galicia se están a adoptar medidas ao respecto, sobre todo no que se refire aos accidentes, as cales son trasladadas na Comisión Autonómica de Seguridade Viaria. Polo tanto, para coñecer se as citadas medidas foron eficaces ou non cabe solicitar información a Xunta de Galicia ao respecto.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame na súa redacción orixinal a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total cinco (5) votos en contra, dous (2) votos a favor e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase rexeitado, por maioría de votos en contra, o ditame na súa redacción orixinal.

A continuación, sométese a votación do Pleno o ditame coa emenda proposta, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: unha (1) abstención. Total cinco (5) votos a favor, tres (3) abstencións e un (1) voto en contra.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor, o ditame coa emenda que devén en acordo nos termos antes transcritos.

4. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE O TÚNEL DE SAN PAIO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2023, que transcrita literalmente di:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Túnel de San Paio
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A DP0810, ao seu paso polo lugar de San Paio, arrastra un problema crónico, por todos ben coñecido; o estreitamento da vía á altura de "Villa Julia" e a sucesión de capítulos dunha historia que semella non ter remate satisfactorio. Agora ben, na mesma estrada e a escasos metros do punto que acapara as miradas e as preocupacións de toda a xente de ben (a inmensa maioría) temos outro problema de seguridade viaria moi importante. Estámonos a referir, como cabe supoñer para calquera que coñeza a zona, ao dificil e tremendamente inseguro tránsito para peóns que supón atravesar o "túnel", por debaixo da AP9. A estreitez do mesmo é tal que o amparo e seguridade para calquera que o cruce a pé son simplemente inexistentes. Que facer ante tal situación? Semella pouco ou nada realista tan siquera pretender que Fomento/AP9 puidesen considerar a idea de ampliar as dimensións do túnel existente a día de hoxe. Mais non resulta en absoluto disparatada unha solución relativamente sinxela de executar e técnicamente factible. Esta posibilidade xa se comentou en algún outro pleno da corporación municipal, mais incluírase tal idea mesturada nun conxunto doutras medidas a reclamar na mesma vía. Entendemos que debemos reiterar a proposta propia do túnel de xeito específico e concreto. Dita proposta non é outra que a de solicitar a Fomento/AP9 a construción (furar) dun paso peonil por un lateral do actual túnel, sen interferir en modo algún o tráfico da DP0810 e sen afectar nin o máis mínimo a estructura propia do túnel. O obxectivo, como cabe deducir, sería afastar aos peóns do perigosísimo paso pola calzada da estrada, dando, ademais, unha lóxica continuidade ás beirarrúas existentes en ambos extremos do paso.

Un dos extremos propostos para acometer o paso peonil

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O outro extremo

Exemplo de paso peonil (baixo a vía do tren) en Pocomaco.

En base ao exposto propoñemos os seguintes

ACORDOS:

<u>Único:</u> *Instar ao Ministerio de Fomento/Autoestradas a que deseñe e execute unha solución de paso peonil por un lateral do túnel existente en San Paio (DP0810) para evitar o paso dos viandantes pola calzada, evitando*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

así o grave risco para a seguridade da persoas.

En Bergondo, a 11 de xaneiro de 2023
Asdo:
Juan A. Fariña Pedreira

Voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños"

A Sra. Alcaldesa sinala que, tal e como se comentou na Comisión Informativa, e como se indica na propia moción, o presente non é un tema novo. Así mesmo, indica que, tecnicamente, é inviable ampliar as dimensións do túnel xa que, ao igual que sucede en Cortiñán, estamos a falar dunha caixa. Por outra banda, manifesta que a cuestión de se é factible ou non realizar unha solución de paso peonil non é algo que lle competa ao Concello de Bergondo. Non obstante, parécelle acertado insistir no tema polo que o seu voto será favorable.

A Sra. Souto Ramos manifesta que, o parecer, o goberno municipal estase empezando a dar conta dos problemas existentes no Concello. Non obstante, non entende porque este tipo de cuestións se formulan a través dunha moción, cando ámbolos dous grupos pertencen ao equipo de goberno. Polo anterior, o seu voto será abstención.

O Sr. Carro Temprano sinala que, tal e como dispón a propia moción, trátase dun problema antigo o que é preciso dar unha solución, a cal terá que ser deseñada polos técnicos competentes. Así mesmo, manifesta que o seu voto será favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total sete (7) votos a favor e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE ATENCIÓN Á CIDADANÍA NOS ORGANISMOS PÚBLICOS.

Dáse conta da moción rexeitada, por maioría de votos en contra, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2023, que transcrita literalmente di:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Atención á cidadanía nos organismos públicos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia de covid 19 provocou, como ben é coñecido, un fondo trauma na sociedade, cuxas consecuencias en forma de perda de vidas humanas ou danos irreversibles para a saúde de moitas persoas están probablemente aínda sen avaliar ou cuantificar na súa totalidade. Con todo -e sen pretender establecer comparacións non axeitadas- a covid 19 tivo outras consecuencias indesexables. Se ben é certo que nos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

primeiros momentos da pandemia, neses meses da primavera de 2020, tanto a cidadadanía en xeral como a administración en particular, tiveron (tivemos) que artellar solucións de urxencia -obrigadas polo confinamento domiciliario- para que a parálise non afectase a case todos os nosos ámbitos de vida ou laborais, certo é tamén que cabía agardar que unha vez superada con creces a situación máis crítica e o pretendido retorno da normalidade, tan invocado e cacarexado por algúns, fose xa unha realidade e regresase na súa integridade, dita normalidade retornase tamén ás adminstracións públicas. Iso non sucedeu. Ben ao contrario, mesmo se diría que a pandemia ten sido aproveitada por todas ou case todas as administracións para consolidar restriccións á cidadanía ou asentar comodidades/vantaxes laborais novas para o persoal a servizo das administracóns públicas.

*A atención á cidadanía nos organismos ou servizos públicos é para Alternativa dos Veciños algo fundamental e principal. E estámonos a referir concretamente á atención presencial. Outro tipo de servizos que pode proporcionar a administración como son as diversas xestións realizables a través das diferentes canles electrónicas enriquecen a oferta que se pode e se debe proporcionar á cidadanía, para que esta elixa, tanto en función das súas necesidades como da disponibilidade horaria e de desprazamentos, etc. É dicir, os novos instrumentos enriquecen a oferta e son útiles. Mais o que **NUNCA** pode nin debe implicar a existencia desas novas ferramentas é a disminución ou supresión da atención presencial usando como excusa as novas posibilidades que a tecnoloxía ofrece. Tampouco nos parece axeitado que as novas tecnoloxías se empreguen para fomentar ou amparar hábitos de traballo a distancia dos empregados pùblicos, mentres magníficas instalacións ou oficinas públicas, onde se investiron, invisten ou investirán cuantiosas sumas de diñeiro dos impostos de tod@s están medio baleiras acotío. Estamos en contra do teletraballo ou traballo a distancia na administración pública, e dicímolo **ALTO E CLARO**.*

Pero concretemos en que se traduce para o cidadán e a cidadá de Bergondo a aplcación de certas medidas restrictivas en organismos que nos incumben no noso entorno máis próximo:

***SEGURIDADE SOCIAL de Betanzos:** As oficinas dese organismo levan meses pechadas ou coa actividade nas mesmas reducida á mínima expresión. Obrigando á cidadanía á acudir a Coruña ou á vía telemática para a realización de trámites, mesmo os máis sinxelos.*

***SEPE de Betanzos**: Limítase o acceso ás persoas nesas dependencias e indícase que "Só se atende con cita previa". Ademais disto, danse casos aberrantes, polos cales usuarios -tanto de Betanzos e comarca coma de Bergondo- que deben renovar papeis de situación de desemprego son derivadas, para cumprir con eses trámites, a outras oficinas en concellos moi afastados xeograficamente.*

***OFICINA TRIBUTARÍA DA DEPUTACIÓN en Betanzos:** Á obrigatoriedade de acudir "Só con cita previa" engádese toda unha colección de sinalética colocada durante a pandemia que a día de hoxe non foi retirada e que constitúe unha falta de respecto á cidadanía e que limita ou coarta o acceso da mesma a esas dependencias públicas.*

***CONCELLO de Bergondo:** A día de hoxe permanecen colocados carteis en algúns puntos das dependencias municipais que informan que "SÓ SE ATENDERÁ CON CITA PREVIA". Por outra banda, o persoal municipal segue tendo a opción do traballo a distancia (teletraballo), cando a razón que a motivou (pandemia e confinamento domiciliario) hai xa moito tempo que decaeu e cando a inmensa maioría dos concellos do noso entorno suprimiron xa tamén hai tempo esa opción para os seus traballadores e as súas traballadoras.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En base ao exposto propoñemos os seguintes

ACORDOS:

Primeiro: *Instar ao Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones a que faga as xestións pertinentes para que se retome a atención presencial -e co persoal necesario, presente nas oficinas- para garantir unha atención de calidade á cidadanía nas súas dependencias da Seguridade Social en Betanzos.*

Segundo: *Instar ao Ministerio de Trabajo y Economía Social a que execute os cambios necesarios para garantir unha atención totalmente presencial e de calidade nas súas oficinas en Betanzos, suprimindo limitacións de aforo ou acceso xa totalmente extemporáneas neste momento. E por outra parte, garantindo a posibilidade de realización de trámites nese lugar ás persoas da comarca, evitándolle desprazamentos enormes e innecesarios á cidadanía.*

Terceiro: *Instar á Deputación da Coruña a que suprima toda a sinalética covid que limita tanto o acceso como a permanencia dentro das súa oficina tributaria de Betanzos. E a que se garanta a atención presencial á cidadanía, nesas instalacións*

Cuarto: *Instar á alcaldesa de Bergondo a que decrete a fin da opción de teletraballo para todo o persoal a servizo da adminstración municipal de Bergondo e que ordee retirar a cartelaría que aínda advirte que "SÓ SE ATENDERÁ CON CITA PREVIA" ou se substitúa a mesma por outra que indique que "**TAMÉN** SE ATENDERÁ CON CITA PREVIA"*

Quinto: *A titulo informativo, dar traslado ao Concello de Betanzos dos acordos alcanzados.*

En Bergondo, a 19 de xaneiro de 2023
Asdo:Juan A. Fariña Pedreira
Voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños"

A sra. Alcaldesa, a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, propón introducir no citado texto unha emenda relativa á parte dispositiva da moción, de xeito que a mesma quedaría redactada da seguinte forma:

"1. Rexeitar de modo rotundo a exposición de motivos anterior.

2. Defender o traballo dos e das traballadores/as públicos durante, e tras a pandemia sufrida (e que estamos aínda a sufrir).

3. Potenciar os recursos dixitais, en base á "Agenda Digital 20-26", e ao impulso dixital que está a desenvolver o goberno do estado.

4. Defender o modelo mixto de presencialidade e traballo a distancia, acorde en cada momento coa legalidade vixente, que en ningún momento poderá ser motivo de perda de dereitos da cidadanía.

5. Instar aos Ministerios de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones, de Trabajo y Economía Social, e á

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Deputación da Coruña, a que, no marco das súas competencias, aseguren a mellor atención cidadá por todos os cauces posibles, presencial , dixital , con ou sen cita previa, tendo en conta as especiais peculiaridades dos concellos galegos en canto á dispersión. As oficinas que neles se manteñen non só axudan a unha mellor atención ao cidadán/na, senón que reforzan a permanencia da poboación no medio rural.

6. Defender os acordos adoptados en mesa de negociación, e/ ou coa representación de traballadores/as de Bergondo para a adopción de acordos e medidas que sexan necesarias para a mellor prestación de servizos á cidadanía.

7.Trasladar o acordo, aos organismos citados no punto 5".

Así pois, a moción coa emenda proposta pola alcaldía, quedaría redactada como segue:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Atención á cidadanía nos organismos públicos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia de covid 19 provocou, como ben é coñecido, un fondo trauma na sociedade, cuxas consecuencias en forma de perda de vidas humanas ou danos irreversibles para a saúde de moitas persoas están probablemente aínda sen avaliar ou cuantificar na súa totalidade. Con todo -e sen pretender establecer comparacións non axeitadas- a covid 19 tivo outras consecuencias indesexables. Se ben é certo que nos primeiros momentos da pandemia, neses meses da primavera de 2020, tanto a cidadadanía en xeral como a administración en particular, tiveron (tivemos) que artellar solucións de urxencia -obrigadas polo confinamento domiciliario- para que a parálise non afectase a case todos os nosos ámbitos de vida ou laborais, certo é tamén que cabía agardar que unha vez superada con creces a situación máis crítica e o pretendido retorno da normalidade, tan invocado e cacarexado por algúns, fose xa unha realidade e regresase na súa integridade, dita normalidade retornase tamén ás adminstracións públicas. Iso non sucedeu. Ben ao contrario, mesmo se diría que a pandemia ten sido aproveitada por todas ou case todas as administracións para consolidar restriccións á cidadanía ou asentar comodidades/vantaxes laborais novas para o persoal a servizo das administracóns públicas.

A atencíón á cidadanía nos organismos ou servizos públicos é para Alternativa dos Veciños algo fundamental e principal. E estámonos a referir concretamente á atención presencial. Outro tipo de servizos que pode proporcionar a administración como son as diversas xestións realizables a través das diferentes canles electrónicas enriquecen a oferta que se pode e se debe proporcionar á cidadanía, para que esta elixa, tanto en función das súas necesidades como da disponibilidade horaria e de desprazamentos, etc. É dicir, os novos instrumentos enriquecen a oferta e son útiles. Mais o que ***NUNCA*** *pode nin debe implicar a existencia desas novas ferramentas é a disminución ou supresión da atención presencial usando como excusa as novas posibilidades que a tecnoloxía ofrece. Tampouco nos parece axeitado que as novas tecnoloxías se empreguen para fomentar ou amparar hábitos de traballo a distancia dos empregados pùblicos, mentres magníficas instalacións ou oficinas públicas, onde se investiron, invisten ou investirán cuantiosas sumas de diñeiro dos impostos de tod@s están medio baleiras acotío. Estamos en contra do teletraballo ou traballo a distancia na administración pública, e dicímolo* ***ALTO E CLARO****.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pero concretemos en que se traduce para o cidadán e a cidadá de Bergondo a aplcación de certas medidas restrictivas en organismos que nos incumben no noso entorno máis próximo:

SEGURIDADE SOCIAL de Betanzos: *As oficinas dese organismo levan meses pechadas ou coa actividade nas mesmas reducida á mínima expresión. Obrigando á cidadanía á acudir a Coruña ou á vía telemática para a realización de trámites, mesmo os máis sinxelos.*

SEPE de Betanzos*: Limítase o acceso ás persoas nesas dependencias e indícase que "Só se atende con cita previa". Ademais disto, danse casos aberrantes, polos cales usuarios -tanto de Betanzos e comarca coma de Bergondo- que deben renovar papeis de situación de desemprego son derivadas, para cumprir con eses trámites, a outras oficinas en concellos moi afastados xeograficamente.*

OFICINA TRIBUTARÍA DA DEPUTACIÓN en Betanzos: *Á obrigatoriedade de acudir "Só con cita previa" engádese toda unha colección de sinalética colocada durante a pandemia que a día de hoxe non foi retirada e que constitúe unha falta de respecto á cidadanía e que limita ou coarta o acceso da mesma a esas dependencias públicas.*

CONCELLO de Bergondo: *A día de hoxe permanecen colocados carteis en algúns puntos das dependencias municipais que informan que "SÓ SE ATENDERÁ CON CITA PREVIA". Por outra banda, o persoal municipal segue tendo a opción do traballo a distancia (teletraballo), cando a razón que a motivou (pandemia e confinamento domiciliario) hai xa moito tempo que decaeu e cando a inmensa maioría dos concellos do noso entorno suprimiron xa tamén hai tempo esa opción para os seus traballadores e as súas traballadoras.*

En base ao exposto propoñemos os seguintes

ACORDOS:

1. Rexeitar de modo rotundo a exposición de motivos anterior.

2. Defender o traballo dos e das traballadores/as públicos durante, e tras a pandemia sufrida (e que estamos aínda a sufrir).
3. Potenciar os recursos dixitais, en base á " Agenda Digital 20-26", e ao impulso dixital que está a desenvolver o goberno do estado.

4. Defender o modelo mixto de presencialidade e traballo a distancia, acorde en cada momento coa legalidade vixente, que en ningún momento poderá ser motivo de perda de dereitos da cidadanía.

5. Instar aos Ministerios de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones, de Trabajo y Economía Social, e á Deputación da Coruña, a que, no marco das súas competencias, aseguren a mellor atención cidadá por todos os cauces posibles, presencial , dixital , con ou sen cita previa, tendo en conta as especiais peculiaridades dos concellos galegos en canto á dispersión. As oficinas que neles se manteñen non só axudan a unha mellor atención ao cidadán/na, senón que reforzan a permanencia da poboación no medio rural.

6. Defender os acordos adoptados en mesa de negociación, e/ ou coa representación de traballadores/as de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Bergondo para a adopción de acordos e medidas que sexan necesarias para a mellor prestación de servizos á cidadanía.

7. Trasladar o acordo, aos organismos citados no punto 5".

A Sra. Souto Ramos reitera que non comprende porqué o grupo de Alternativa dos Veciños e o Socialista non presentan conxuntamente as propostas, toda vez que ámbolos dous forman parte do equipo de goberno.

A Sra. Alcaldesa manifesta que a razón do anterior radica en que, cando un concelleiro non acepta que non se lle de a razón ao contido íntegro das súas propostas, ten todo o dereito de presentar as súas propostas a través dunha moción, así como os demais grupos teñen dereito a formular emendas. Así mesmo, sinala que estamos en vésperas de eleccións municipais.

A Sra. Souto Ramos sinala que se está a dar unha mala imaxe a cidadanía, polo que o seu voto será abstención tanto para a moción orixinaria como para a emendada.

O Sr. Carro Temprano manifesta que o seu voto será abstención, toda vez que, por unha banda, defende o traballo dos traballadores/as públicos, e por outra entende que debe primar a atención presencial. Non obstante, sinala que non chega a rexeitar contundentemente o traballo a distancia en certos departamentos nos que a atención ao público non é tan directa, sempre que a calidade do traballo que se realiza non se vexa afectada.

A Sra. Alcaldesa sinala que, en determinados casos, que o traballo se realice a distancia é máis beneficioso, sobre todo cando se trata da realización de traballos moi técnicos ou da redacción de informes, xa que se permite traballar nun entorno con menos interrupcións. Por outra banda, manifesta que a maioría de cidadáns agradecen acudir as oficinas públicas con cita previa, coa garantía de que serán atendidos a hora da cita, sen necesidade de largas esperas como sucedía con anterioridade. Así mesmo, sinala que, aínda que unha persoa acuda sen cita, o normal é que sexa atendida igualmente, salvo que exista impedimento dalgún tipo.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que quere deixar claro que defende o traballo dos traballadores/as municipais, sempre que sexa presencial.

A Sra. Alcaldesa sinala que defende o traballo dos traballadores/as municipais realizado tanto presencialmente como a distancia.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame na súa redacción orixinal a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) votos abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total cinco (5) votos en contra, un (1) voto a favor e tres (3) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase rexeitado, por maioría de votos en contra, o ditame na súa redacción orixinal.

A continuación, sométese a votación do Pleno o ditame coa emenda proposta, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: unha (1) abstención. Total cinco (5) votos a favor, tres (3) abstencións e un (1) voto en contra.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor, o ditame coa emenda que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE A INICIATIVA "GUÍSAMO TEN FUTURO"

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a moción presentada que transcrita literalmente di:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Guísamo ten futuro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de decembro o grupo de Alternativa dos Veciños levou a cabo unha reunión coa veciñanza de Guísamo para dar a coñecer unha serie de propostas que xulgamos útiles e necesarias para facer realidade o nome co cal bautizamos esa iniciativa; "Guísamo ten futuro". Como consecuencia inmediata daquela xuntanza -que contou con moi boa acollida e interese por parte das persoas asistentes á mesma- decidimos someter todo o que alí se falou e formulou, como opcións para solventar determinados problemas dunha parte importantísima desa parroquia, ao "refrendo"de veciños e veciñas que quixeran manifestar o seu apoio público ao exposto no documento que lles ofrecemos asinar. Dito documento recibiu, entre o 15 de decembro e este pasado 22 de xaneiro un total de 148 sinaturas en apoio do mesmo. Incluímos, como adxunto a esta moción, todas esas follas de sinaturas. O texto que veciñas e veciños de Guísamo asinaron é o seguinte:

O grupo municipal de Alternativa dos Veciños solicita as vosas sinaturas para demostrar o apoio á nosa proposta de transformación do entorno da N-6, para mellorar a calidade de vida d@s veciños/as e comerciantes de Guísamo.

1. Os prazos construtivos da rotonda do cruce de Ferrol son escandalosos, nin máis nin menos que 28 meses. Malia tentar ata en dúas votacións que o pleno do concello instase a fomento a rebaixa destes prazos o grupo socialista votou en contra desta proposta, botando por terra toda rebaixa. Imos insistir neste asunto, ata lograr unha redución razoable de prazos.

2. A proposta de Creación dunha rotonda á altura da Froitaría de Guísamo (anterior Eurofruit). Unha vez realizada sería posible eliminar a illeta central da N6, co conseguinte aumento do tamaño da estrada, podendo, deste xeito, crear prazas de aparcamento.

3. Adecuación e mellora das tubaxes de fecais e pluviais para eliminar inundacións nas inmediacións das vivendas do carril dirección Coruña

4. Acondicionamento das entradas da marxe dereita (dirección Betanzos), a día de hoxe estas entradas de chapa a maioría, atópanse nun estado deplorable.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. A conversión de Guísamo nunha travesía urbana: estudar esa posibilidade, a de solicitar a Fomento a declaración dun tramo desta N6 como travesía urbana e a súa cesión ao Concello de Bergondo. Iso sí, unha vez realizadas as obras de acondicionamento precisas por parte do Ministerio. Isto traería consigo os seguintes puntos na listaxe de tarefas:

Recolocación dos puntos de luz para mellorar a mobilidade polas beirarrúas. Na actualidade están situadas no medio delas.

Humanización da zona: Colocación de bancos, papeleiras, plantas...

Solicitar os vados, tan necesarios para evitar conflitos entre veciños, esta proposta foi levada polo noso grupo a pleno, mais foi rexeitada polo PSOE.

Regulación racional do aparcamento.

Adecuación e instalación dunha parada de taxis homologable ás do resto do mundo civilizado.

En base ao anterior, e advertindo que non entenderíamos nin se entendería que calquera dos puntos anteriores puidesen ser obxecto da máis mínima enmenda por parte de ningún grupo, xa que algo así suporía unha falta de respecto inxustificable e intolerable con respecto a todas as persoas asinantes do documento, propoñemos ao pleno da corporación aprobar o seguinte

ACORDO:

Único: *Instar á alcaldesa de Bergondo (ou á persoa na que esta delegue) a que inicie os trámites, actuacións ou toda canta xestión sexa necesaria para dar cumprimento ao expresado en todos e cada un dos puntos que se relacionan no documento asinado polos veciños e veciñas de Guísamo e que son facilmente deducibles, sen excepción de ningún tipo.*

En Bergondo, a 23 de xaneiro de 2023
Asdo: Juan A. Fariña Pedreira
Voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños".

A sra. Alcaldesa, a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, propón introducir no citado texto unha emenda relativa á engadir na parte expositiva da moción o seguinte parágrafo:

"Os acordos propostos, derivan dunha xuntanza con veciños/as, na que aínda que fose libre o acceso, non houbo máis de 30 persoas.

Respéctase o sentido da sinatura dos e das veciñas, máis non se pode poñer por escrito ou dicir que unha EMENDA é unha falta de respecto inxustificable e intolerable, cando é algo que entra dentro do marco da legalidade, cuestión que un grupo político debería a estas alturas, comprender, xa que as emendas se fan co ánimo de enriquecer e/ou mellorar a proposta inicial.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O que si é intolerable é, que un grupo se apoie nunha recollida de sinaturas para chantaxear e crear propostas inamovibles.

Os grupos políticos, os concelleiros e concelleiras, somos a representación lexítima da cidadanía no pleno.

Algunhas das medidas propostas, xa foron tratadas e incluso rexeitadas por este pleno.

Se ben algunha das medidas propostas pode ser obxecto de estudo, non poden ser tratadas como unha moción, nin tan sequera coma un único asunto plenario, xa que algunha delas non é de competencia plenaria".

Así mesmo, propón introducir no citado texto unha emenda relativa á parte dispositiva da moción, de xeito que a mesma quedaría redactada da seguinte forma:

***"Único:** Que as medidas que poidan e deban mellorar Guísamo, sexan tratadas e consensuadas coas administracións afectadas, no seu caso. Que as medidas obxecto de planeamento sexan estudadas dentro do marco do PXOM, en elaboración".*

Así pois, a moción coa emenda proposta pola alcaldía, quedaría redactada como segue:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Guísamo ten futuro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de decembro o grupo de Alternativa dos Veciños levou a cabo unha reunión coa veciñanza de Guísamo para dar a coñecer unha serie de propostas que xulgamos útiles e necesarias para facer realidade o nome co cal bautizamos esa iniciativa; "Guísamo ten futuro". Como consecuencia inmediata daquela xuntanza -que contou con moi boa acollida e interese por parte das persoas asistentes á mesma- decidimos someter todo o que alí se falou e formulou, como opcións para solventar determinados problemas dunha parte importantísima desa parroquia, ao "refrendo"de veciños e veciñas que quixeran manifestar o seu apoio público ao exposto no documento que lles ofrecemos asinar. Dito documento recibiu, entre o 15 de decembro e este pasado 22 de xaneiro un total de 148 sinaturas en apoio do mesmo. Incluímos, como adxunto a esta moción, todas esas follas de sinaturas. O texto que veciñas e veciños de Guísamo asinaron é o seguinte:

O grupo municipal de Alternativa dos Veciños solicita as vosas sinaturas para demostrar o apoio á nosa proposta de transformación do entorno da N-6, para mellorar a calidade de vida d@s veciños/as e comerciantes de Guísamo.

1. Os prazos construtivos da rotonda do cruce de Ferrol son escandalosos, nin máis nin menos que 28 meses. Malia tentar ata en dúas votacións que o pleno do concello instase a fomento a rebaixa destes prazos o grupo socialista votou en contra desta proposta, botando por terra toda rebaixa. Imos insistir neste asunto, ata lograr unha redución razoable de prazos.

2. A proposta de Creación dunha rotonda á altura da Froitaría de Guísamo (anterior Eurofruit). Unha vez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

realizada sería posible eliminar a illeta central da N6, co conseguinte aumento do tamaño da estrada, podendo, deste xeito, crear prazas de aparcamento.

3. Adecuación e mellora das tubaxes de fecais e pluviais para eliminar inundacións nas inmediacións das vivendas do carril dirección Coruña

4. Acondicionamento das entradas da marxe dereita (dirección Betanzos), a día de hoxe estas entradas de chapa a maioría, atópanse nun estado deplorable.

5. A conversión de Guísamo nunha travesía urbana: estudar esa posibilidade, a de solicitar a Fomento a declaración dun tramo desta N6 como travesía urbana e a súa cesión ao Concello de Bergondo. Iso sí, unha vez realizadas as obras de acondicionamento precisas por parte do Ministerio. Isto traería consigo os seguintes puntos na listaxe de tarefas:

Recolocación dos puntos de luz para mellorar a mobilidade polas beirarrúas. Na actualidade están situadas no medio delas.

Humanización da zona: Colocación de bancos, papeleiras, plantas...

Solicitar os vados, tan necesarios para evitar conflitos entre veciños, esta proposta foi levada polo noso grupo a pleno, mais foi rexeitada polo PSOE.

Regulación racional do aparcamento.

Adecuación e instalación dunha parada de taxis homologable ás do resto do mundo civilizado.

En base ao anterior, e advertindo que non entenderíamos nin se entendería que calquera dos puntos anteriores puidesen ser obxecto da máis mínima enmenda por parte de ningún grupo, xa que algo así suporía unha falta de respecto inxustificable e intolerable con respecto a todas as persoas asinantes do documento.

Os acordos propostos, derivan dunha xuntanza con veciños/as, na que aínda que fose libre o acceso, non houbo máis de 30 persoas.

Respéctase o sentido da sinatura dos e das veciñas, máis non se pode poñer por escrito ou dicir que unha EMENDA é unha falta de respecto inxustificable e intolerable, cando é algo que entra dentro do marco da legalidade, cuestión que un grupo político debería a estas alturas, comprender, xa que as emendas se fan co ánimo de enriquecer e/ou mellorar a proposta inicial.

O que si é intolerable é, que un grupo se apoie nunha recollida de sinaturas para chantaxear e crear propostas inamovibles.

Os grupos políticos, os concelleiros e concelleiras, somos a representación lexítima da cidadanía no pleno.

Algunhas das medidas propostas, xa foron tratadas e incluso rexeitadas por este pleno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Se ben algunha das medidas propostas pode ser obxecto de estudo, non poden ser tratadas como unha moción, nin tan sequera coma un único asunto plenario, xa que algunha delas non é de competencia plenaria.

Propoñemos ao pleno da corporación aprobar o seguinte

ACORDO:

Único: *Que as medidas que poidan e deban mellorar Guísamo, sexan tratadas e consensuadas coas administracións afectadas, no seu caso. Que as medidas obxecto de planeamento sexan estudadas dentro do marco do PXOM, en elaboración".*

A Sra. Caseiras Arroyo sinala que o Sr. Fariña Pedreira é concelleiro de urbanismo, infraestruturas e medio ambiente, polo que algunhas das cuestións que el mesmo solicita na moción presentada son da súa propia competencia. Por outra banda, sinala que se ben o proposto está ben, o certo é que só faltan catro meses para que no Concello se celebren eleccións municipais, polo que moitas das cuestión xa non poderían ser levadas a cabo a pesares de poder sido efectuadas ao longo da lexislatura. Entende que o asunto da adecuación dos tubos de fecais e pluviais é o suficientemente complexo como para que poida ser solucionado a través dunha proposta da índole da moción presentada, e que lle chama atención o punto número catro, relativo as chapas colocadas para o acceso as vivendas situadas na marxe dereita da estrada en dirección a Betanzos, toda vez que o Partido Popular presentara no seu día un escrito asinado polos veciños da zona a fin de solucionar a citada problemática, sen que a día de hoxe se dera contestación algunha ao mesmo. Por outra banda, o punto relativo a humanización da zona de Guísamo é un tema da competencia do departamento que xestiona o concelleiro que presenta a moción, polo que estaría a pedir cousas que tería que realizar el mesmo, e pregunta polo sucedido na esquina situada no barrio dos Girasoles, a cal, dende había moitos anos, presentaba un aspecto coidado, estando agora en situación de abandono.

A Sra. Alcaldesa sinala que, en relación a esquina existente en Guísamo a que fai alusión a sra. Concelleira, existía un acordo de Xunta de Goberno Local polo que o propietario da mesma cedía gratuitamente o uso do terreo a cambio de que o Concello se fixera cargo do mantemento do mesmo, engadindo o citado acordo unha cláusula que permitía solicitar a rescisión do mesmo cun preaviso dun mes. Así pois, o propietario fixo uso da citada cláusula e manifestou que a razón era, precisamente, que non quería trasladar a imaxe de que o terreo era de propiedade municipal.

O Sr. Carro Temprano manifesta que na moción solicítanse certas cuestións para o futuro de Guísamo, as cales non dubida de que sexan necesarias, pero recorda que tamén se teñen solicitado melloras no local social e na contorna do centro de saúde, así como a iluminación da pista polideportiva para que poida ser utilizada no inverno, a posibilidade de pasear pola zona da reitoral con seguridade, e a mellora da accesibilidade da ponte na AP-9, entre outras cousas. Por tanto, por considerar que Guísamo é máis que a pequena parte da N-VI da que se fala na moción, o seu voto será contrario.

O Sr. Fariña Pedreira sinala que, efectivamente, a pesar de que Guísamo abarca moito máis, a moción está enfocada nunha parte concreta do territorio. Por outra banda, en canto ao manifestado pola voceira do Partido Popular, sinala que non é preciso preocuparse pola imaxe trasladada a cidadanía, xa que a mesma é o suficientemente intelixente para discernir e sacar as súas propias conclusións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame na súa redacción orixinal a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total seis (6) votos en contra, dúas (2) abstencións e (1) voto a favor.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase rexeitado, por maioría de votos en contra, o ditame na súa redacción orixinal.

A continuación, sométese a votación do Pleno o ditame coa emenda proposta, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total cinco (5) votos a favor, dúas (2) abstencións e dous (2) voto en contra.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor, o ditame coa emenda que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. MOCIÓN GRUPO MIXTO SOBRE DOTACIÓN DE FONDOS DA XUNTA DE GALICIA PARA PRODUCIÓN ECOLÓXICA.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2023, que transcrita literalmente di:

"David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre "Dotación de fondos da Xunta para producción ecolóxica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Política Agraria Común pivota entorno a medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria durante o 2022, con un abondoso éxito, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000 máis para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6M€.

A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e 1 punto as situadas en Rede Natura. Estes criterios de concorrencia competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por isto se fai incomprensible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para satisfacer ás necesidades do sector.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O agro galego adoece dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas, que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos, escaseza de insumos, debilidade dos circuítos de comercialización con pagos por baixo dos custes de produción, ... Polo que o éxito da convocatoria era previsible dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha garantía para a supervivencia das granxas. Polo que a situación se torna máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ó 43% das hectáreas solicitantes, que doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións.

A ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer un risco de peche para as granxas, en relación co esforzo feito polas persoas solicitantes de nova incorporación, ademais de polas cuestións xa mencionadas, por:

-Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico.

-Gastos en pago a entidades de asesoramento entre 1.200 a 1.400€.

-Cotas de inscrición no Craega que supoñen uns 450€

-Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden supoñer moitos miles máis.

-No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes a este primeiro ano de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron e terán por 2 anos.

-Incremento do gasto pola diferencia entre un 1kg de pienso en convencional a ecolóxico que é de un mínimo 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ó longo do ano.

-Perda de ingresos polo descenso inicial da produción.

A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a viabilidade no futuro inmediato.

Por outra banda dende o BNG observamos con gran preocupación como a incertidume se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria do 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para este e os seguintes.

Esta nova PAC pretende un horizonte no 2.030 para as producións ecolóxica do que nos atopamos lonxe, en Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e necesario para a saúde da poboación e pola necesidade de restrinxir pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ó medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos planes europeos para a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvintes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen.

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao Goberno da Xunta a :

1.- completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.

2.- fornecer economicamente o orzamento destinado as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.

3.-darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, para que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.

Bergondo, 20 de xaneiro de 2023"

A Sra. Alcaldesa manifesta que é preciso ser consciente de que os recursos públicos son limitados e de que cando se fai unha convocatoria de axudas pódese dar o caso de que certos solicitantes queden en lista de agarda, e sinala ademais que se está a ver constantemente que determinadas liñas de axuda, que nun momento inicial saíron cunha dotación inferior, ven incrementada a partida correspondente con posterioridade. No obstante, considera que a defensa dos/as produtores/as ecolóxicos/as é unha boa proposta, xa que se trata dun sector importante na Comarca, e máis tendo en conta que o Concello de Bergondo pertence a Reserva da Biosfera, polo que o seu voto será favorable.

A Sra. Caseiras Arroyo manifesta que o seu voto vai a ser en contra, xa que, a pesares de que existe un crecemento salientable da produción ecolóxica, a Xunta de Galicia non é allea ao citado feito e favorece o seu incremento a través do seu compromiso co sector, existente dende fai xa 25 anos, e máis na última década na que posibilitou que a agricultura ecolóxica se convertera nunha opción viable e nunha preferencia para os consumidores, facendo un gran esforzo para conseguir o mantemento e incremento das axudas destinadas ao citado sector.

Por outra banda, destaca o incremento que experimentaron as axudas destinadas a agricultura ecolóxica derivadas da modificación da PAC, sendo o incremento previsto para este ano de cerca dun 23%, contando cun fondos de ata 3,9 millóns de euros. Así mesmo, sinala que tamén no ano 2022 se incrementaron os fondos destinados a citada liña de axudas, pasando 2 a 3,8 millóns, isto é, case un 59% con respecto a convocatoria anterior, sendo os citados incrementados destinados a atender as solicitudes mellor valoradas, segundo os criterios establecidos. Así mesmo, sinala que as anteriores axudas son as correspondentes o segundo piar da PAC para o desenvolvemento rural, o cal veu incrementada a súa contía global de 31 a preto de 40 millóns de euros no último ano.

O Sr. Carro Temprano manifesta que non dubida da vontade da Xunta ao crear este tipo de axudas, senón que unicamente as mesmas quedaron cortas, tal e como demostra o feito de que no ano 2022 quedaron fora cerca do 80% dos solicitantes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Sra. Caseiras Arroyo sinala que, como no resto dos casos, a axuda concédese as propostas mellor valoradas.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que apoia a iniciativa.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total sete (7) votos a favor e dous (2) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola sra. Alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de organización e funcionamento das Entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas dende o 23 de novembro de 2022 ao 30 de decembro de 2022, ámbolos dous incluídos, numerados do 1331/2022 do 23 de novembro de 2022 ao 1497/2022 do 30 de decembro de 2022, e dende o 2 de xaneiro de 2023 ao 23 de xaneiro de 2023, ámbolos dous incluídos, numerados do 1/2023 do 2 de xaneiro de 2023 ao 63/2023 do 23 de xaneiro de 2023.

9. MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentan.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación pola Sra. Alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para os rogos e preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo Grupo Mixto a través de Sede Electrónica do Concello, o día 24 de xaneiro de 2023, con número de rexistro de entrada 202399900000209, foron as seguintes:

1.- ¿Canto abona o Concello polas entrevistas a alcaldía nunha coñecida canle de radio?

2.- A respecto da estrada provincial DP-0105 ao seu paso por Cortiñan, o pleno de xaneiro de 2021 aprobou unha moción para instar a Deputación a realizar varias melloras na mesma, ¿en que estado se atopan as conversas co ente provincial?

3.- ¿En que estado se atopa a tramitación da Senda fluvial do río Maior e saneamento de Lubre?

4.- A día de hoxe as obras do Campo da Feira de Guísamo seguen sen remata, acumulando un retraso considerable de arredor de 5 meses, ¿a que é debido isto?

5.- Sobre as últimas novas dunha posible subida da tasa de recollida do lixo que se envía a Nostián, ¿ten

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

constancia disto o Concello de Bergondo? ¿Teñen algo previsto de darse o caso?

6.- Sobre a empresa que visitou Bergondo para as solicitudes de fibra óptica, recibimos queixas de persoas que non tiveron oportunidade de entrevistarse coa persoa encargada pola cola; e quen puido trasladounos que fora unha toma de datos que non garantizaba nada. ¿Poderían indicarnos exactamente de que se trataba a colaboración con esta empresa?

1.- ROGO. Se convoque o Consello de Relacións Veciñais a maior brevidade posible, xa que non se convocou no pasado ano.

2.- ROGO. Continuamos recibindo queixas sobre o alumeado da pista polideportiva de Guísamo situada no entorno no centro de saúde, rogo xa trasladado en outras ocasións, a última en setembro do 22. Rogamos se revise o mesmo para que o seu funcionamento permita utilizala as tardes de inverno.

3.- ROGO. Se den as instrucións precisas para que o Concello de Bergondo entre na convocatoria da Deputación da Coruña para contratar unha persoa como técnico de normalización lingüística, para sumar así efectivos ao traballo do concello.

4.- ROGO. En días pasados sabíase que a empresa Celso Nuñez solicitara no concello novos trámites na parcela na que previa construír unha planta de residuos. Ante a incerteza que xera entre a veciñanza, rogamos que o Concello leve a cabo unha xuntanza informativa para que toda persoa interesada teña información actualizada do proceso.

5.- ROGO. Máis unha vez a Rectoral de Guísamo sufre as inclemencias invernais e continua desfancendose por partes, co perigo que iso conleva pola súa situación, a carón dunha zona pública moi transitada. Volvemos a solicitar, como noutras ocasións, que se tomen medidas co arzobispado a respecto da súa seguridade e conservación, e de non avirse, optar de inmediato pola vía coercitiva.

A continuación, os rogos e preguntas presentadas polo Partido Popular a través da Sede Electrónica do Concello, o día 25 de xaneiro de 2023, con número de rexistro de entrada 202390000000059, foron as seguintes:

1.- Hasta este momento y desde el principio, ¿Cuánto se ha pagado por los trabajos de redacción del PXOM incluida la cartografía?

2.- En el Decreto 2022/G003/1505 de fecha 26 de Diciembre de 2022 Usted aprobó el gasto consistente en la multa de Augas de Galicia por incumplimiento de autorización de vertido de aguas residuales al dominio público de la EDAR del Polígono Industrial así como su pago. ¿A cuánto ha ascendido dicha multa?.

¿La va a repercutir a la empresa concesionaria Aquagest para que la abonen ellos?. ¿Quién fue el responsable de incumplir la autorización del vertido por el que se nos ha multado?

3.- En Pleno anterior le preguntamos por dos procedimientos contenciosos del año 2022 y nos contestó que se trataba de dos reclamaciones por responsabilidad patrimonial.

¿Cuántos contenciosos por reclamación económica tenemos en trámite o en vía de recurso en la actualidad además de esos dos?

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

¿Cuáles son los importes que reclaman al Concello?

¿En concepto de qué nos están reclamando?

En concreto los contenciosos 189/2022 y 172/2022 que figuran en los Decretos 1261 y 1262 respectivamente por los que ya le preguntamos, ¿qué importe reclaman? ¿en concepto de qué han demandado al Concello?

¿Alguno de esos procedimientos tiene ya Sentencia?.

Si es así, ¿A qué importe se ha condenado al Concello de Bergondo?.

4.- ¿Por qué motivo no vino el autobús "porta a porta" del Sergas que ofrecía a los vecinos servicio de podología y audición gratuito?

Ha venido en otra ocasión y lo hemos visto en Betanzos hace unos días, ¿por qué no lo solicitó si en Bergondo tuvo buena aceptación?.

5.- ¿En qué estado se encuentra el proyecto de contención de taludes en O Regueiro?.

6.- ¿Ha tenido ya entrada en el Concello el proyecto de construcción del Gadis de San Isidro?.

Esta acta foi gravada con vídeo. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000001 a dita gravación en formato mp4. A pegada dixital desta gravación de vídeo é a seguinte:

dcf52a3451bd5997eb71a554a1fc9d5c65e3f8078a535405cc5ab95c7736a187

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000001 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

0c6c7ebc040d962dce57d7ffeeed7366dbfc51177d34ee83c89ae330a38b48e9

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria xeral
Ana Mª Cacharrón Castelos

Vº e Pr. A Alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: FyVUtKfn0oSHOhBFXZ4O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.